

c) Solvencia técnica: os especificados no prego de cláusulas administrativas particulares e no cadro de especificacións.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: ás 14.00 horas do 8º día natural contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Se coincide en sábado ou festivo pasará as 14.00 horas do seguinte día hábil.

b) Documentación que se ten que presentar: a que figura na cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas particulares, debendo figurar no exterior dos sobres o CIF de quen licita. No caso de tratarse de persoas inscritas no rexistro de contratistas indícarase o número de rexistro no exterior do sobre.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: Rexistro do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar.

2. Domicilio: rúa Amor Ruibal nº 30-32, baixo.

3. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15702.

d) Prazo durante o que a persoa que licita estará obrigada a manter a súa oferta: ver prego.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

b) Domicilio: rúa Amor Ruibal nº 30-32, baixo.

c) Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña).

d) Data: 29 de decembro de 2009.

e) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións.

-Apertura do sobre A: terá lugar en acto previo á comprobación da documentación xeral segundo se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Criterios de valoración: os que se enumeran coas súas valoracións nos pregos e no perfil de contratante.

-Apertura dos sobres B e C: a apertura do sobre B e a súa valoración realízase con anterioridade á apertura e valoración do sobre C. No caso de que a apertura do sobre C se atrase, farase pública a nova data mediante notificación por fax aos licitadores presentados e no perfil de contratante.

11. Gastos dos anuncios: os anuncios desta licitación serán por conta da persoa adxudicataria.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2009.

Roberto Rodríguez Martínez
Xerente do Consorcio Galego de Servizos de
Igualdade e Benestar

Anuncio polo que se publica a resolución pola que se fai público o acordo do Comité Directivo do 18 de novembro de 2009 sobre a revisión de oficio das bases de selección de persoal aprobadas por resolución da Xerencia do 22 de decembro de 2008.

O Comité Directivo do Consorcio adoptou, na sesión do 18 de novembro de 2009, por maioría absoluta dos seus membros, o acordo de inicio do expediente de revisión de oficio das seguintes resolucións da xerencia do consorcio:

-Resolución do 22 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases xerais que han de rexer o proceso de selección de persoal laboral fixo do persoal técnico dos servizos centrais do consorcio.

-Resolución do 22 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases xerais que han de rexer o proceso de selección de persoal laboral fixo das galescolas.

-Resolución do 22 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases xerais que han de rexer o proceso de selección de como persoal laboral fixo do persoal técnico dos centros de atención ás persoas maiores do consorcio.

-Resolución do 22 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases xerais que han de rexer o proceso de selección de persoal laboral fixo de persoal xerocultor e persoal de servizos xerais dos centros de atención ás persoas maiores do consorcio.

O que se pon en coñecemento de todas aquelas persoas que aparezan como interesadas no procedemento para que formulen as alegacións que estimen convenientes, no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio.

O texto íntegro desta resolución está publicado no taboleiro de anuncios do consorcio e na súa páxina web igualdadebenestar.org.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2009.

Roberto Rodríguez Martínez
Xerente do Consorcio Galego de Servizos de
Igualdade e Benestar